

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Designación do xurado do premio do XXII Concurso de poesía "Concello de Carral"

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, en uso da atribución delegada mediante decreto 294/2015, do 6 de xullo, acordou aprobar as bases polas que se rexerá a concesión do premio do XXII Concurso de Poesía "Concello de Carral".

Logo de ver que a base 8.ª daquelas establece que "O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo Alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións".

Tendo en conta que o premio do XXI Concurso de poesía "Concello de Carral", realizado no ano 2018, recaeu sobre D. Xabier Cid Fernández, pola súa obra titulada "AS BICIS" e que, segundo o estipulado nas devanditas bases que rexen o concurso de poesía, o autor gañador da edición anterior formará parte do xurado da edición actual.

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio do meu decreto 177/2019, do 30 de abril de 2019,

RESOLVÍN:

1.–Designar ás seguintes persoas que haberán de integrar o xurado do premio do XXII Concurso de Poesía "Concello de Carral":

Presidenta:	D.ª Margarita Ramilo Varela concelleira de Cultura, por delegación puntual desta Alcaldía
Vogais:	D. Xabier Cid Fernández (Poeta gañador do XXI Concurso de poesía "Concello de Carral") D. Armando Requeixo Cuba (Crítico literario) D.ª Inma Otero Varela (Crítica literaria)
Secretario:	D. Carlos Lorenzo Pérez (técnico municipal de Cultura)

2.–Publicar este decreto polos mesmos medios que as bases e a convocatoria do concurso.

3.–Dar conta deste decreto ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice.

Contra a devandita resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Carral no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano da devandita xurisdición e no prazo indicado na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Carral, 02 de maio de 2019.

O ALCALDE

José Luís Fernández Mouriño

2019/3428